



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE ESCAVACIÓN NO CASTRO DE ZOÑÁN (MONDOÑEDO, LUGO)

MEMORIA TRANSPARENCIA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou co Concello de Mondoñedo o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de outubro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Concello de Mondoñedo para a realización dunha actuación arqueolóxica de escavación e consolidación no Castro de Zoñán (Mondoñedo, Lugo), co obxectivo operativo de conservar o patrimonio cultural galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Castro de Zoñán sitúase preto do lugar de San Cristovo, na parroquia da Nosa Señora dos Remedios, no concello lucense de Mondoñedo.

Trátase dun poboado fortificado da Idade do Ferro conformado por unha croa de forma lixeiramente ovoide alongada no eixo SW-NE, situado nun esporón que domina o val do Río Cesuras, no contorno do Rego de Zoñán.

Este xacemento arqueolóxico figura protexido no catálogo de bens culturais do PXOM do Concello de Mondoñedo, aprobado no ano 2016, e ten a condición de





ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia en virtude do artigo 30 da Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia, co código GA27030010

Tendo en conta os valores culturais que posúe o Castro de Zoñán, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de Mondoñedo consideran necesario realizar neste ano 2026 novos traballos arqueolóxicos de escavación, consolidación e acondicionamento para favorecer a súa posta en valor e tamén para afondar no coñecemento deste sitio arqueolóxico e así avanzar na súa investigación e caracterización.

Os traballos de campo serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na realización das diferentes accións de difusión se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

